

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36002359	IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez	A Estrada	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua estranxeira II: Inglés	2º Bac.	3	87

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

## 1. Introducción

Para a elaboración desta programación é aplicable a introdución que aparece no Decreto 157/2022 do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

A presente programación didáctica da materia de Lingua Inglesa en 2º de Bacharelato ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa apropiada, de modo que o alumnado sexa quen de comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia; asemade, procura o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural e plurilingüe.

O alumnado, ademais, con esta materia poderá desenvolverse mellor nas contornas dixitais, xa que estas ferramentas aproveitaranse plenamente para reforzar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación da lingua e cultura inglesa. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento moi relevante nesta programación.

Por outra banda, aquí, o profesorado atopará un protocolo específico para abordar con eficacia e seguridade as diferentes circunstancias que poden xurdir ao longo dun curso e, ao mesmo tempo, este protocolo será flexible para permitir o uso da súa creatividade e a improvisación necesaria para adaptarse á grande diversidade das aulas.

Finalmente, a metodoloxía seguida responde ao enfoque comunicativo aconsellado dende o Marco Común Europeo de Referencia, polo que non só os obxectivos e contidos, senón tamén as actividades, as tarefas e as unidades a desenvolver representarán situacións reais, semi-reais e efectivas de comunicación.

Para poder desenvolver unha programación é imprescindible situala nunha contorna concreta e destinala a un alumnado determinado. A presente programación didáctica está dirixida ó alumnado que cursa a materia de Inglés en 2º Bacharelato, no IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez, un centro de titularidade pública, que se atopa situado na localidade de A Estrada, no centro da Comunidade Autónoma de Galicia, cunha poboación de 20.261 segundo datos do INE do 2021.

Este alumnado cursa estudos en xornada de mañá de luns a venres e tamén asiste a clase os martes pola tarde durante dous periodos lectivos. A inmensa maioría do alumnado de 2º de bacharelato provén de 1º de bacharelato do noso centro. Son alumnos bilingües en galego e castelán, tanto do rural como do centro da vila ou dalgúns concellos limítrofes, e desprázanse ó centro maioritariamente en transporte público ou ben a pé.

A meirande parte das familias teñen un nivel socio-cultural medio-baixo e traballan principalmente no sector servicios e en empresas relacionadas coa industria do moble. Debido á proximidade da nosa vila a Santiago de Compostela, parte das familias desprázanse á capital galega diariamente para realizar a súa xornada laboral.

A vila ofrece, tanto de xeito público como privado, varias opcións de actividades extracurriculares entre as que se inclúe a aprendizaxe de linguas estranxeiras. Unha parte importante do noso alumnado asiste a clases particulares de inglés.

O centro soe estar carente de grandes situacións conflitivas dentro da aula, o que repercute de xeito positivo nun mellor aproveitamento dos recursos e dos medios entre profesor e alumno.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e interpretar as ideas principais e as liñas argumentais básicas de textos expresados na lingua estándar buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias de inferencia e comprobación de significados para responder ás necesidades comunicativas expostas.	2-3	1-2	1	1	40			
OBX2 - Producir textos orixinais, de crecente extensión, claros, ben organizados e detallados, usando estratexias tales como a planificación, a síntese, a compensación ou a autorreparación, para expresar ideas e argumentos de forma creativa, adecuada e coherente, de acordo con propósitos comunicativos concretos.	1-5	1-2	1	1-3	40			32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Interactuar activamente con outras persoas, con suficiente fluidez e precisión e con espontaneidade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		31	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas ou variedades, ou entre as modalidades e rexistros dunha mesma lingua, usando estratexias e coñecementos eficaces orientados a explicar conceptos e opinións ou a simplificar mensaxes para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable e crear unha atmosfera positiva que facilite a comunicación.	5	1-2-3	1		31			
OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas e variedades, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento, facendo explícitos e compartindo as estratexias e os coñecementos propios para mellorar a resposta ás súas necesidades comunicativas.		2	1	3	11			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, reflexionando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas para actuar de forma empática, respectuosa e eficaz e fomentar a comprensión mutua en situacións interculturais	5	3			31	3		1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Crossing Cultures	Nesta unidade farase unha revisión dos tempos verbais e trataranse as diferenzas culturais entre distintos países. O alumnado describirá un acontecemento de tipo cultural por escrito	10	18	X		
2	On the Safe Side	A unidade versará sobre os temas da seguridade e o crime. Trataranse as cláusulas condicionais e escribirase un email formal. Esta unidade repasará fonética e transformacións da unidade anterior.	10	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A Healthy Lifestyle	A unidade tratará o tema do deporte en relación coa saúde. Verase o uso da voz pasiva e o alumnado practicará a escritura dun ensaio con puntos a favor e en contra dun tema. Esta unidade repasará fonética e transformacións das unidades anteriores.	15	14		X	
4	Near and Dear	A unidade trata as relacións interpersoais e a cláusulas de relativo. A parte de expresión escrita será unha narrativa. Esta unidade repasará fonética e transformacións das unidades anteriores.	15	13		X	
5	Going green	A unidade versará sobre cuestións medioambientais. Tratarase o uso de verbos modais e practicarase a escritura dun ensaio de opinión. Esta unidade repasará fonética e transformacións das unidades anteriores.	25	13			X
6	Get the Job Done	Esta unidade tratará o tema do traballo e o uso do estilo indirecto. O alumnado escribirá unha solicitude de emprego. Esta unidade repasará fonética e transformacións das unidades anteriores.	25	14			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Crossing Cultures	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas evitando erros importantes e reformulando, sintetizando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes, xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas utilizadas.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción e cooperación para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	Aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción e revisión para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas e á tipoloxía textual,		
CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que hai que atender á diversidade, mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo e dos intereses e ideas das interlocutoras e dos interlocutores.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos, dar instrucións e consellos, narrar acontecementos pasados puntuais e habituais, describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e predicións a curto, medio e longo prazo, expresar emocións, expresar a opinión, expresar argumentacións, reformular, presentar as opinións doutros e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.</li> <li>- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas a estes patróns. Alfabeto fonético básico.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	On the Safe Side	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais e a información detallada de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, sobre temas expresados de forma clara e na lingua estándar	PE	100
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes e para distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información veraz.	Aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes e para distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a</li> </ul>

## Contidos

- afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.
- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas a estes patróns. Alfabeto fonético básico.
- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
3	A Healthy Lifestyle	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas evitando erros importantes e reformulando, sintetizando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes, xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas utilizadas.	TI	100
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores, expresando ideas e opinións con precisión e argumentando de forma convincente.	Participar e colaborar en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, mostrando respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma eficaz, espontánea e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra con amabilidade, axustar a propia contribución á das interlocutoras e dos interlocutores percibindo as súas reaccións, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Utilizar, de forma eficaz estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra con amabilidade e axustar a propia contribución á das interlocutoras e dos interlocutores.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando de forma sistemática sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	Comparar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con ou sen apoio doutras interlocutoras e interlocutores e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, facendo actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, compartindo e facendo explícitos estes progresos e dificultades.	Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira para consolidar a súa aprendizaxe, facendo actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL)		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos, dar instrucións e consellos, narrar acontecementos pasados puntuais e habituais, describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e predicións a curto, medio e longo prazo, expresar emocións, expresar a opinión, expresar argumentacións, reformular, presentar as opinións doutros e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.</li> <li>- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).</li> </ul>

## Contidos

- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas a estes patróns. Alfabeto fonético básico.
- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc.
- Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

UD	Título da UD	Duración
4	Near and Dear	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais e a información detallada de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, sobre temas expresados de forma clara e na lingua estándar	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

## Contidos

- Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.
- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.
- Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.
- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas a estes patróns. Alfabeto fonético básico.
- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
5	Going green	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Expresar oralmente e con suficiente fluidez, facilidade e naturalidade diversos tipos de textos claros, coherentes, detallados, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, evitando erros importantes e utilizando rexistros adecuados, así como recursos verbais e non verbais e estratexias de planificación, control, compensación e cooperación..	Expresar oralmente e con suficiente fluidez, facilidade e naturalidade textos claros, coherentes, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo co fin de describir, narrar, argumentar e informar.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas evitando erros importantes e reformulando, sintetizando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes, xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas utilizadas.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando e avaliando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo.		
CA3.2 - Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela favorecendo e xustificando o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela		
CA3.3 - Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos, dar instrucións e consellos, narrar acontecementos pasados puntuais e habituais, describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e predicións a curto, medio e longo prazo, expresar emocións, expresar a opinión, expresar argumentacións, reformular, presentar as opinións doutros e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.</li> <li>- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e</li> </ul>

## Contidos

- estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas a estes patróns. Alfabeto fonético básico.
- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	Get the Job Done	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais e a información detallada de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, sobre temas expresados de forma clara e na lingua estándar	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención, os trazos discursivos e certos matices como a ironía ou o uso estético da lingua de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como nos textos de ficción, sobre unha ampla variedade de temas de relevancia persoal ou de interese público.	Interpretar e valorar o contido, a intención e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como nos textos de ficción, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.</li> <li>- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas a estes patróns. Alfabeto fonético básico.</li> <li>- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada. Neste curso o proceso de ensino e aprendizaxe na materia de inglés tentará axustarse de tal maneira que o currículo se desenvolva de forma gradual e progresiva co obxectivo de que o alumnado acade os obxectivos da materia. As principais liñas de actuación serán as seguintes:

- O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños

fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real.

- Incorporarase o uso das tecnoloxías co fin de que o proceso de ensino e aprendizaxe sexa motivador e favoreza o acceso a e o uso de espazos comunicativos e plataformas de intercambio e cooperación

- Incidirase na comprensión oral, usando unha variedade de recursos audiovisuais tanto propiamente educativos, como os vídeos do libro de texto, como material auténtico tipo vídeos de YouTube buscando que estes recursos resulten variados e adecuados para o nivel do alumnado e que, á vez, favorezan que o alumnado se familiarice con distintas variedades da lingua estranxeira.

- Fomentarase a lectura en lingua estranxeira usando diversos soportes (lecturas de libros de texto, material en liña, exames antigos de probas ABAU de Galicia ou doutras CCAA que poderán estar adaptados ou non, etc.). Tentarase que a escolla do material de lectura teña en conta tanto a diversidade de niveis e de gustos que hai nas aulas como a gradación no avance de coñecementos ó longo do curso.

- Tentarase que haxa boa coordinación co resto do profesorado de linguas (tanto estranxeira e como cooficiais) posto que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce partindo da súa lingua materna e das linguas ambientais que o rodean. Ensinaranse técnicas de aprendizaxe e de estratexias que permitan gañar autoconfianza na adquisición e uso da lingua estranxeira.

- Tentarase proporcionarlle ó alumnado unha atención individualizada

- A avaliación inicial feita a comezos de curso xunto coa avaliación formativa realizada ó longo do mesmo será un elemento esencial para aportar información que defina, modifique ou enriqueza o proceso educativo. Isto axudará a tomar decisións que afecten a posibles cambios na metodoloxía, recursos e tarefas propostas, co fin de adaptalos ás características do alumnado para que este acade os obxectivos previstos e desenvolva as competencias asociadas a este curso.

- Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA e deseñando actividades de aprendizaxe de acceso universal.

- Farase énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe, poñendo en práctica mecanismos de reforzo para atallalas.

- Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

- Na medida do posible, extenderase o uso da lingua estranxeira a tódalas interaccións e actividades que ocorran fóra da aula, dirixíndose o profesorado ó alumnado en inglés para que a asociación profesora-lingua estranxeira se faga de xeito automático.

- Usaranse instrumentos e procedementos de avaliación diversos co fin de adaptarse ás características do alumnado. Isto incluírá a observación directa do alumnado, probas escritas e orais, etc.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto en versión papel : Mindset 2 (Burlington)
Libro de texto en liña
Actividades de páxinas web para realizar en liña ou fotocopiadas
Aula virtual
Recursos DUA
Plataformas virtuais de aprendizaxe
Vídeos de YouTube e plataformas similares
Presentacións en formato Power Point ou en liña tipo Genially
Equipos informáticos de aula e/ou de centro: computadora, canón, pizarras dixitais, autofalantes, sala de informática
Exames antigos (orixinais ou adaptados) das ABAU de Galicia ou probas equivalentes doutras CCAA
Recursos audiovisuais auténticos

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou doutras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas ou non no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza Creative Commons.

#### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial é o punto de referencia do equipo docente na toma de decisións relativas ao desenrolo do currículo e á súa adecuación ás características do alumnado. Aporta información para poder definir, modificar ou enriquecer o proceso educativo que se ofrece ao grupo e a cada un dos alumnos cos que se vai traballar.

A información axuda na planificación educativa que ten en conta os coñecementos, capacidades e necesidades do alumnado, así como as características do entorno no que



se desenrola. Esta avaliación presta tamén atención á maneira de afrontar o alumnado o seu aprendizaxe, de modo que ademais de perfilar o que hai que traballar, indica como hai que traballalo.

Para obter toda a información necesaria para unha avaliación inicial son importantes tanto os informes persoais da etapa anterior ou, no seu caso, a información aportada polo profesorado do curso anterior, como os aspectos que proporcionan diversos instrumentos de avaliación.

O uso dun único instrumento de avaliación non garante a recollida de toda a información necesaria, así que usaremos varios co fin de obter unha visión o máis global posible das fortalezas e debilidades de cada estudante. Con ese obxectivo en mente, faranse dúas probas específicas de comprensión e expresión escritas para coñecer o punto de partida do noso alumnado. Por outra banda, a produción oral (speaking) avaliarase mediante a observación directa de actividades orais nas que o alumnado interactúa entre si.

Como consecuencia dos resultados desta avaliación inicial, tomaremos as seguintes medidas se é necesario:

- Desenrolar prácticas educativas que favorezan a participación e a aprendizaxe dos alumnos: estratexias metodolóxicas como a aprendizaxe cooperativa ou a titoría entre iguais; adecuación das actividades aos diferentes niveis de competencia curricular do alumnado; selección de diferentes materiais e recursos para a realización das actividades procurando a motivación; cambios de ubicación na aula...
- Realizar actividades de apoio, reforzo e recuperación para aqueles alumnos que o necesitan.
- Adaptacións de acceso á información, das condicións de realización das probas, etc.
- Medidas específicas extraordinarias como adaptacións curriculares significativas (ACS), fórmulas de escolarización, etc.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	100	0	100	0	100	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	0	100	0	100	0	<b>50</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.  
O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

#### 1. PRIMEIRA AVALIACIÓN

a) COMPRENSIÓN ORAL (CA 1.1 + CA 1.3): 20%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita

b) COMPRENSIÓN ESCRITA (CA 1.1): 30%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita

c) PRODUCCIÓN ORAL (CA 1.9 e CA 1.10): 20%

Instrumentos de avaliación: Rúbrica

d) PRODUCCIÓN ESCRITA (CA 1.5 e CA 1.6): 30%

Instrumentos de avaliación: Rúbrica.

#### 2. SEGUNDA AVALIACIÓN

a) COMPRENSIÓN ORAL (CA1.1): 20%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita.

b) COMPRENSIÓN ESCRITA (CA1.1): 30%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita.

c) PRODUCCIÓN ORAL (CA1.7 + CA 1.8): 15%

Instrumentos de avaliación: Rúbrica.

d) PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5): 30%

Instrumentos de avaliación: Rúbrica.

e) PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA 2.1 + CA 2.2 + CA 2.3): 5%

Instrumentos de avaliación: Táboa de indicadores

#### 3. TERCEIRA AVALIACIÓN

a) COMPRENSIÓN ORAL (CA 1.1): 20%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita.

b) COMPRENSIÓN ESCRITA (CA 1.1 e CA 1.2): 30%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita.

c) PRODUCCIÓN ORAL (CA 1.4): 15%

Instrumentos de avaliación: Rúbrica.

d) PRODUCCIÓN ESCRITA (CA 1.5): 30 %

Instrumentos de avaliación: Rúbrica.

e) INTERCULTURALIDADE (CA 3.1 + CA 3.2 + CA 3.3): 5%

Instrumentos de avaliación: Táboa de indicadores.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

#### **Criterios de recuperación:**

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando a proba da convocatoria extraordinaria na que se avaliará tanto de comprensión oral e escrita como de produción escrita. A cualificación final será a obtida aplicando as seguintes porcentaxes a cada parte da proba:

**COMPRESIÓN ORAL (CA 1.1): 25%**

Instrumentos de avaliación: Proba escrita.

**COMPRESIÓN ESCRITA (CA1.1): 25%**

Instrumentos de avaliación: Proba escrita.

**PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5): 50%**

Instrumentos de avaliación: Rúbrica.

A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o Departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

- Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe
- Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe
- Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
- Actividades de reforzo e consolidación
- Traballo colaborativo
- Procedementos e instrumentos de avaliación variados e individualizados
- Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas
- Retroalimentación ao alumnado sobre o seu procedemento de aprendizaxe
- Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación, se fose estrictamente necesario

No curso 2023-24 non contamos con alumnado diagnosticado con NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo) pero se houberse algún diagnóstico novo nalgún momento, adaptaríase a resposta educativa ás necesidades do alumnado con NEAE, poñendo en práctica, co asesoramento do Departamento de Orientación, as medidas ordinarias de atención á diversidade recollidas na Orde do 8 de setembro de 2021. Asimesmo, seguiranse as pautas dos protocolos educativos para a atención á diversidade. No momento no que as medidas ordinarias de atención á diversidade fosen insuficientes, poderanse poñer en marcha outras extraordinarias, sempre co asesoramento do departamento de Orientación e coa autorización das familias, de ser o caso.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.5 - Educación emocional e en valores	X			X	X	
ET.6 - Igualdade de xénero				X		
ET.7 - Creatividade				X		
ET.8 - Educación para a saúde			X			
ET.9 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable					X	
ET.11 - Emprendemento social e empresarial						X
ET.12 - Fomento do espírito crítico e científico					X	
ET.13 - Concienciación e formación sobre o cambio climático					X	
ET.14 - Prevención e resolución pacífica de conflitos				X		

#### Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan os elementos transversais recollidos no currículo ó longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas ou case todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe de linguas e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto común.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde ou para a sustentabilidade e o consumo responsable, así como o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Nadal	Escoitar panxoliñas ou cancións de temática navideña. Investigar sobre tradicións propias dos países de fala inglesa	X		
Charla sobre cultura anglosaxona	A editorial Burlington dará unha charla sobre cultura anglosaxona para 1º e 2º Bach		X	
San Valentín	Traballar vocabulario sobre as relacións e a familia para fomentar as relacións sás entre o alumnado		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día do libro	Elaboración dun photocall en forma de silueta de libro. Na primeira páxina reproducirase o comezo do primeiro volume de Harry Potter para que o alumnado participe nun concurso co gallo de identificar o libro e a autora. Na segunda páxina os alumnos poñerán un adhesivo co nome do seu libro favorito. Os alumnos posarán portando seu libro favorito para unha foto que podería ser subida a un blog do centro. Estas actividades realizaranse fóra da aula			X

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Metodoloxía empregada
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder ós distintos ritmos de aprendizaxe
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou doutro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas
Incorporo as TICs ó proceso de ensino-aprendizaxe
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades variadas atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos/as alumnos/as
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ó alumnado e ás familias dos progresos e as dificultades
Outros
Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita

### **Descrición:**

O profesorado, ó termo de cada trimestre, responderá a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente e o proceso de aprendizaxe. O alumnado fará o propio como mínimo unha vez por curso.

O grado de consecución será:

- Sempre
- Ás veces
- Nunca

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación deber ser continua e levarase a cabo ó longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ó que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá tódolos aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectivos de aprendizaxe, etc. É dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión de departamento posterior ás sesións de avaliación analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación Proens ó remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grado de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á elaboración da memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía empregada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

## **9. Outros apartados**